








LA NADA AQVI

Residencia de Creadores Emerxentes

Facultade de Belas Artes

Universidade de Vigo

INTER ACCIO ÓNS

ARTÍSTICAS EN GALICIA
Mariñán
2018-2019

Edición:
Anne Heyvaert
Juan F. De Laiglesia

PUBLICACIÓN

TÍTULO:

Interaccións artísticas en Galicia
Mariñán 2018-2019

SUBTÍTULO:

Residencia de creadores emerxentes
Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo

Edición: Real Academia Galega de Belas Artes

Editores: Anne Heyvaert / Juan F. de Laiglesia

AUTORÍA:

TEXTOS:

Celestino García Braña
Natalia Caparrini
Juan Carlos Meana
Juan F. de Laiglesia
Anne Heyvaert

IMAXES E TEXTOS:

Gabrielle Mendieta
Luis González López
Marco Moreira
Teresa Pece
Ventura Pérez Suárez
Alejandra Lago
Alexandra Rodríguez Rey
Andrea Torres
Marijo Sampedro
Rocío Osorio
Román Corbato

Tamaño: 27x20 cm

Número de páxinas: 80

Encuadernación: cosido en rústica

Número de exemplares : 200

INSTITUCIÓN COLABORADORAS (LIBRO):

Real Academia Galega de Belas Artes
Universidade de Vigo
. Vicerreitoría de Investigación
. Vicerreitoría de Captación de Alumnado,
Estudantes e Extensión Universitaria
. Facultade de Belas Artes
. Doutoramento en creación e
Investigación en arte contemporánea
. Máster en arte contemporánea,
creación e investigación

Coordinación editorial: Román Corbato
Deseño gráfico: Alexandra Rodríguez Rey
Fotografía: os autores e autoras
Impresión: Marcos Covelo

Impreso en risografía na Facultade de Belas Artes,
campus de Pontevedra

Data: 2020

ISBN: 978-84-09-16586-5

DL:

EVENTO

TÍTULO:

Interaccións artísticas en Galicia
Residencia de creadores emerxentes

Lugar : Pazo de Mariñán, A Coruña

Datas:

Do 19 ao 22 de xuño de 2019
Do 20 ao 22 de xuño de 2018

Institucións colaboradoras:

Real Academia Galega de Belas Artes
Deputación da Coruña
Universidade de Vigo
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade da Coruña
Conservatorio Superior de Música de Vigo
Conservatorio Superior de Música da Coruña
Facultade de Belas Artes
Doutoramento en creación e investigación en arte contemporánea
Mestrado en arte contemporánea, creación e investigación







CELESTINO LES GARCÍA BRAÑA

A comezos do ano 2018, a Real Academia Galega de Belas Artes dirixiuse aos reitores das tres universidades galegas e aos directores dos dous conservatorios superiores de música, da Coruña e de Vigo, a fin de propoñer a posta en funcionamento conxunta dun espazo de reflexión común para todos os centros de ensino universitario ligados á teoría e á práctica das belas artes. O obxectivo foi claro; tratábase de superar unha circunstancia verdadeiramente anómala: a radical incomunicación entre os centros.

Ningún intercambio de reflexións, nin entre profesorado nin entre alumnado, resultaba, ademais de incomprensible, un absurdo, na medida que supoñía unha carencia e sobre todo un malgasto de posibilidades mutuamente enriquecedoras, por necesarias e mesmo indispensables.

A boa acollida que iso tivo, nas tres universidades e nos conservatorios superiores de música, determinou que, xa en xuño dese mesmo ano, tivese lugar a primeira actividade que, co nome xenérico de «Interaccións artísticas en Galicia», se concretaría no I Encontro/Residencia de Creadores Emerxentes, coloquialmente coñecidos por «Encontros en Mariñán». E, dificilmente, podemos imaxinar un lugar tan adecuado coma este para que, ideas e persoas, poidan concitarse ao redor do que poida supoñer, hoxe e en Galicia, a actividade creativa nas súas diferentes experiencias artísticas.

Poucos meses despois, xa en setembro, celebráronse as I Xornadas de Didáctica das Artes na Galicia de Hoxe: Crear para Ensinar. Persoalmente gústame ese «crear para ensinar», na medida en que recoñece unha cuestión importante da pedagogía: non pode instalarse, de ningún modo, en tarefas rutineiras nin burocráticas, senón que esixe acomodación constante a persoas e a lugares.

Non esquece que quen máis debe aprender é o mestre ou mestra e que o/a estudante o fará na medida en que é captado non só, nin fundamentalmente, polo saber de quen lle ensina, senón polo entusiasmo que desprega nos seus labores didácticos. No fin de contas, isto é o que lembramos dos poucos mestres ou mestras que atopamos nas nosas vidas, e afortunado quen sexa capaz de nomear máis dun ou dunha. Non adoita ocorrer.

Se estes encontros reflexivos parecen importantes en calquera época pola natureza e polos obxectivos dos ensinos artísticos, resultan indispensables en tempos, como os actuais, de grandes interrogantes e incertezas, como inevitable consecuencia dos profundos cambios que, no ámbito local e global, están a producirse. Esta reflexión, xurdida desde a propia identidade e os obxectivos de cada centro, non pode nin debe quedar á marxe das preocupacións e dos temas fundamentais propios da nosa época civilizadora. Por suposto, en cada facultade, estudantes e docentes, xuntos ou separados, falan diso a diario. Trátase, entón, de superar aquel illamento e propoñer un diálogo permanente e transversal ao redor destas cuestións e calquera outra que se puidese suscitar.

Comezamos a elaborar os terceiros encontros!
Parece sinal de bos agoiros!

Celestino García Braña
Real Academia Gallega de Bellas Artes

ARTE, NATUREZA E TERRITORIO

Arte, natureza e territorio

Un dos alicerces da formación académica e persoal é o coñecemento do noso territorio, que necesariamente xorde da interacción e da convivencia harmónica co patrimonio cultural, histórico e natural. Neste contexto de desenvolvemento persoal no que arte e contorna se atopan imbricadas, as xornadas «Arte, natureza e territorio» conseguiron ofrecer novas perspectivas desta relación a partir de suxestivas actividades e instalacións realizadas por artistas emerxentes cun talento e sensibilidade que desde a Universidade de Vigo queremos apoiar.

A creación artística funciona, así, como catalizador dunha reflexión crítica e humanística sobre as consecuencias da intervención humana sobre a natureza. Coas diferentes instalacións e interaccións a partir de múltiples recursos gráficos, plásticos e escénicos permitiuse unha recepción máis participativa da mensaxe, ao mesmo tempo que se gozou do valor estético das propostas.

O pazo de Mariñán converteuse no soporte idóneo para a expresión artística de Alejandra Lago, Andrea Torres, Rocío Osorio, Román Corbato, Marijo Sampedro e Alexandra Rey en 2019; e de Gabrielle Mendieta, Luís González López, Marco Moreira, Teresa Pez e Ventura Pérez Suárez en 2018.

Todas e todos manifestaron como a formación académica nas artes supón, por unha banda, unha ampliación teórica e práctica de coñecementos e destrezas, ademais da multiplicación de posibilidades materiais expresivas; e confire, doutra banda, seguridade na valía do propio traballo que se mostrou neste espazo singular á beira do río Mandeo.

Como representante nesta ocasión da Universidade de Vigo e dos valores que sustentan esta institución como o respecto á diversidade, ao patrimonio natural e histórico, ou o fomento da expresión artística comprometida coa protección da nosa contorna, felicito a Anne Heyvaert e a Juan Fernando de Laiglesia por coordinar esta iniciativa cargada de mensaxe e de beleza. Así mesmo, como xeóloga, compráceme tamén comprobar a colaboración entre diferentes disciplinas e ámbitos de coñecemento en busca dun obxectivo común: fomentar a convivencia cos espazos naturais e contribuír á valoración do territorio como elemento esencial para un desenvolvemento social sustentable.

Natalia Caparrini
Viceritora de Captación de Alumnado
Estudantes e Extensión Universitaria

NATALIA TA CAPARRINI



JUAN CARLOS MEANA

Edítase agora o documento que rexistra o II Encontro de Artistas Emerxentes en Galicia, no pazo de Mariñán (Bergondo, A Coruña), unha iniciativa loable e beneficiosa para os/as artistas e institucións participantes. Resulta difícil apreciar na publicación a intensidade do vivido, porque o importante aquí non é o obxecto para contemplar, senón a experiencia creadora, o working progress, onde a interrelación entre artistas cobra sentido en obras que se expanden ao longo das instalacións do pazo. Traballar sobre as obras implica estar aberto a un diálogo mediante o cal se vai construíndo nun presente continuo que pon en valor o proceso onde, artistas de diferentes disciplinas, van achegando o seu sentir e quefacer.

O alumnado seleccionado xa ten unha certa experiencia nas reviravoltas da creación contemporánea, xa que é un dos requisitos da coidada selección. E isto asegura o éxito da proposta, onde cadaquén, como artista, vese obrigado a saír do seu espazo de confort no que, lonxe da previsible resposta creativa dos seus procesos de traballo, profunda no diálogo, e non coñece o seu final.

Resulta altamente beneficioso, e eu atreveríame a dicir que imprescindible para o seu bo funcionamento, que as institucións que nos dedicamos ao ensino artístico poidamos interrelacionarnos con outras disciplinas e formas de pensamento e sentir, porque enriquecen enormemente as nosas posibilidades de darlles resposta a novos retos creativos.

Desde parte das titulacións que configuran o posgrao da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, desde as universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, e desde os conservatorios superiores de Galicia seleccionáronse estudantes cuxa misión foi lanzar unha proposta creativa en relación co tema proposto «Arte, natureza e territorio», tendo como metodoloxía de traballo ofertar un proxecto interrelacional e levar a cabo a interconexión con outras artes.

Así, as artes plásticas conviviron de forma natural e habitual –noutros países isto prodúcese desde os inicios do período formativo– con outras artes do espazo ou do movemento (danza, música, arquitectura, didáctica ou expresión corporal), todas elas implantadas na comunidade galega dentro do ensino superior. Isto desenvolveuse no marco do convenio coas universidades e cos conservatorios de Galicia que promove a Real Academia Galega de Belas Artes no curso 2017/2018.

Juan Carlos Meana
Coordinador do Programa de doutoramento en
investigación e creación contemporánea da
Universidade de Vigo



2018

ANNE HEYVAERT

“RELATO DE INTERACCIÓN ARTÍSTICAS. «MÊME» EN MARIÑÁN”

O primeiro encontro/residencia de creadores emerxentes «Interaccións artísticas en Galicia» nace da iniciativa da Real Academia Galega de Belas Artes co obxectivo de impulsar actividades de colaboración entre os centros superiores vinculados á creación artística en Galicia, e darlle protagonismo ao estudantado mesmo na súa fase final de formación.

Trátase, pois, de reunir creadores/as emerxentes, coordinados por docentes dos diferentes centros, nun encontro híbrido entre o curso-seminario de verán e o evento artístico, que tratará, desde a reflexión, o proceso creativo contemporáneo en Galicia a través de aproximacións cuidadosamente seleccionadas para que poidan reaccionar entre si.

Desde a Facultade de Belas Artes decidimos organizar unha convocatoria anual aberta a estudantes do Doutoramento en investigación e creación e do Mestrado

en arte contemporánea, creación e investigación, co fin de seleccionar uns proxectos artísticos que pensen unha posible interacción interdisciplinaria coas demais persoas participantes, e a súa integración nos espazos do pazo de Mariñán, que acolle o encontro, cedido pola Deputación da Coruña.

O espazo do pazo de Mariñán presenta un marco excepcional que se debe aproveitar á hora de pensar as actividades e a localización das obras, a maneira de integrar a creación máis contemporánea en diálogo cun edificio arquitectónico histórico e os seus espazos exteriores moi diferenciados: xardíns ordenados de tipo francés, xunto a praderías, e un gran bosque autóctono, ademais dunhas magníficas vistas cambiantes sobre as marismas da ría de Betanzos.

Así, nas maxestosas pólas dunha árbore centenaria, uns artistas (V. P. S. e T. P.) colgaron unhas grandes

bólas de cerámica branca, en contraste coa contorna orgánica e remitindo dalgunha maneira á xeometría das sebes de buxo.

Noutra esquina do xardín francés podíase albiscar unha armazón de fíos que unía unhas árbores pequenas, entre as cales nos tivemos que esvarar durante unha comitiva nocturna danzante, guiada por músicos (conservatorios de música) e bailaríns (J. C. Z. etc., compañía de danza da Universidade de Santiago de Compostela), nunha noite de xuño, a véspera da San Xoán. Outras bólas e campás (V. P. S. e T. P.) atopábanse tamén flotando na fonte dun belo patio pétreo, á espera dun pouco de brisa ou da iniciativa dalgún músico para liberar os seus sons gardados na súa concavidade, ou para amplificar a voz profunda dunha moza cantante.

muro branco exterior; actividades coordinadas polos directores dos conservatorios superiores de música de Vigo e da Coruña (J. M. e L. C.).

No oco escuro dunha inmensa cheminea (lareira) colgaba un dispositivo (M. M.), máquina de debuxar en forma de caixón-xogo de paciencia, polo que todos e todas pasamos para tentar, e algúns e algunhas conseguir, colocar as bólas de grafito nos buracos previstos, trazando un debuxo colectivo do mapeado de todas as traxectorias.

Ao franquear portas ou baixar escaleiras iámonos atopando con algunha presentación dos e das participantes do Mestrado en educación artística, un traballo fotográfico a 180o.



Ao redor desta fonte, noutro momento, vimos uns paseantes de azul vestidos (G. M. e L. G. L.) camiñando lentamente, sacando dunhas redes brancas unhas pequenas pelotas de goma azul. E axiña as bólas ían voando a través do patio e, aos poucos, alcanzaban traxectorias máis amplas e máis velocidade, mentres rebotaban entre o público espectador, que non podía eludir participar deste xogo in crechendo.

Este mesmo patio foi testemuña, ao día seguinte, dunha performance-baile (G. M.) acompañada por un teclado, ademais de acoller, aquela noite máxica, o paso e as actuacións da comitiva polas súas monumentais escaleiras.

Nos interiores do pazo, nos seus salóns señoriais e acolledores soaron as músicas, entre outros, de Schubert, Satie, Bellafrente, Takemitsu ou John Cage en gran contraste coa decoración algo decimonónica, e igualmente pezas de jazz e composicións propias do estudantado, como proxectos de música e de son para curtas de película animada, proxectadas sobre un gran

«Unha rotonda na túa vida 30» (coordinado por R. S. B., da Universidade da Coruña) e un seminario interactivo «Crear desde o xogo» da titulación de Ourense, USC (coordinada por V. B.). Ocupando unha sala próxima, achábase unha enorme maqueta conceptual «das intervencións realizadas no territorio da Costa da Morte» (C. C. e J. C.). A presenza de J. C. aclarounos a súa interesante formulación transversal e integradora no territorio físico e social, dentro do programa das masterclass.

Os outros dous convidados (músico e compositor F. B. e o artista fotógrafo M. V.) contaron igualmente, durante unhas charlas e uns coros informais, as súas metodoloxías de traballo a través dos seus últimos proxectos.

Todas estas intervencións levaron consigo unhas conversas moi interesantes entre estes profesionais en activo con traxectorias recoñecidas e o estudantado ilusionado nos inicios dos seus traballos creativos persoais. Outra mañá, reuníronnos no amplo e luminoso corredor principal para experimentar coa expresión



corporal e a voz. Todos e todas estiveron moi entregados e cativados baixo a dirección da Choral Studio de Vigo. E do corredor pasamos ao gran comedor, tan ben servido e atendido, onde seguíamos comentando as actividades, organizando as seguintes previstas ou improvisadas como consecuencias doutras. E, así, na convivencia, fóronse establecendo lazos creativos e amigables, que son os que facilitan sempre futuras colaboracións.

O último día, antes do inicio das «portas abertas» nas que se volveu plasmar o espírito de intercambio interdisciplinario a través dun percorrido polas obras e diversas actuacións comúns— puidemos ver, por fin, completadas as letras en branco sobre o céspede verde da gran pradaría diante do pazo fronte á ría.

Letras que foron trazadas, en anamorfose, polos e polas participantes da Escola de Arquitectura (F. A. e R. P. P.) durante os días anteriores.

Arrimados á balaustrada do alto balcón-terraza, logramos descifrar desde este punto a palabra «même», en referencia a Marcel Duchamp, ao título dunha das súas obras máis emblemáticas *A Mariée mise à nu par ses célibataires, même* (A noiva espida polos seus solteiros, incluso), cuxa enxeñosa locución final dun título tan enigmático actúa á vez como reforzo e abertura do sentido, cara ao público espectador. Unha palabra para cuestionar as contornas «incluso» da creación artística.

Anne Heyvaert
Coordinadora dos encontros
Facultade de Belas Artes, UVigo, 2018







2018 ARTISTAS

Artistas residentes
Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo

2018:
Gabrielle Mendieta
Luis González López
Marco Moreira
Teresa Pece
Ventura Pérez Suárez



GABRIELLE
MENDIETA

LUIS
GONZÁLEZ



BRANCO SOBRE AZUL
Gabrielle Mendieta e
Luís González López
Mestrado en arte contemporánea:

Esta obra traballa coa cor, o movemento e o son. O rebote é un eco, unha reverberación dun movemento que a maiores produce un cambio tanto nos corpos dos e das participantes coma do público. Créanse liñas e trazos xerados pola propia cinética do obxecto e a acción das e dos participantes.

O propósito consiste en preguntar como esa reverberación cambia os nosos xestos e a nosa propia linguaxe corporal. Dúas actuacións coas bólas azuis, en colaboración cos e coas demais participantes, e outra improvisación-danza por Gabrielle Mendieta e a actuación de músicos. Son actividades realizadas no exterior, nun dos amplos patios do pazo.



Obra de arte de acción que involucra 39 pelotas de goma azuis, inicialmente envoltas en once gazas



MARCO MOREIRA



MÁQUINA DE DEBUXAR
Marco Moreira
Doutoramento en Belas Artes

Obxecto instalado no interior do pazo, no oco dunha lareira, colgado das súas vigas. A modo dun xogo de paciencia, en forma dun gran caixón de madeira, as bólas de aceiro substituíronse por grosas bólas de grafito que deixan o rastro dos seus percorridos sobre o fondo de papel e debuxan un mapa dos movementos.

Reflexiona sobre os métodos de produción artísticos, especialmente na práctica do debuxo, e explora os seus límites e fronteiras, entre proceso e resultado, a relación entre o/a artista e a obra, e a súa autoría, quen a produce e a goza (o público). O dispositivo pódese manexar por unha ou varias persoas, o que posibilita a actuación de todas as persoas os participantes.



sem título
Madeira, aço, fio, esferas
de grafite e papel Fabriano
71 x 50 x 5,5 cm



TERESA PECE VENTURA A. PÉREZ



FONOTOPO

Ventura Pérez Suárez

Doutoramento en Belas Artes

Teresa Pece

Mestrado en arte contemporáneo

Co obxectivo de interactuar co espazo e coa natureza cólganse bólas e campás de porcelana das árbores, e deposítanse outras pezas nunha fonte dun patio. Os movementos sobre os obxectos, promovidos polo aire ou polas correntes da auga, transmiten sons que se unen aos propios da natureza do lugar.

Igualmente propúxose unha interacción humana batendo os elementos entre si ou por medio de bastóns. Os músicos presentes utilizaron os elementos coma instrumentos ou coma amplificadores da voz con resultados sorprendentes.



Instalacións de obxectos de
cerámica (porcelana) nos
espazos exteriores do pazo.
Medidas variables







2019

J.F. DE LAIGLESIA

CRÓNICA SOÑADA PERO REAL

A participación de seis estudantes de posgrao de Belas Artes neste encontro de 2019 no pazo de Mariñán realizouse en dúas fases, froito de varias reunións de traballo para debater o tema xeral proposto «Arte, territorio e natureza». Unha serie de obras deberían estar presentes no acto de inauguración, e outras desenvolveríanse ao longo dos días de estancia en «interacción» coas demais áreas do encontro: música, danza, arquitectura, didáctica etc.

Desta maneira, na sala da cheminea apareceu unha crisálida reptando polo chan, en metade dun enorme silencio, que ante a sorpresa de todos e todas foi lentamente dando a luz un ser vivo que se espreguizaba entre a tensión do desexo e o espanto do que a esperaba no mundo exterior (A. L. e M. S.). Un pouco máis aló, ao final do corredor, unha torre de cuncas elevábase en equilibrio fráxil, aos poucos, peza a peza, ata o seu completo derrubamento, repetindo ruidosamente ante a sorpresa xeral o que estaba a ocorrer nunhas xigantescas columnas de madeira, pesadamente construídas por Sísifo (R. C.).

E, de súpeto, a sala poboouse de paxaros mortos, centos de paxaros mortos, coma se caesen do teito e se espallasen por encima das cadeiras de brazos e do chan de madeira, e quedasen pousados no seu último xesto estraño no respaldo dunha butaca, detrás da cortina, ou no medio das persoas que estaban a circular pola habitación do mundo temendo pisalos. Centos de paxaros brancos, que na súa última meta migratoria, ao chegar a este paraíso soñado, quedaban exhaustos (A. T.).

Máis tarde, no xardín, despois dos alegres bailes colectivos do día ao ritmo coreográfico do italiano (S. M.), da gran libélula nocturna que circulaba unha e outra vez coas súas inmensas ás transparentes flotando a contraluz dos focos (J. C. Z.), e tamén despois da liturxia das máscaras de cores e das vestimentas exóticas dunha tribo intemporal que soubo contar o nacemento da auga e das montañas (M. S.), apareceu sobre a herba, escrita con pauciños e cordas, o debuxo exacto da constelación que nos estaba amparando esa noite desde o alto, ao modo das antigas cartas de navegación polinesias (A. L.).

Un pouco antes, á entrada, atopáramonos xa cunha sorpresa: uns tecidos fosforescentes que estaban de pé, mantiñáanse erguidos pola tensión de cordas amarelas, verdes e fucsias que ataban en diferentes arcos as curvas cimbradas dalgunha chapa ou dalgún cartón que agora parecía romper a cantar, coma se se inventasen por primeira vez as artes do tecer, o atar, o medir e o poñer de pé todos os seres vivos traballadores (M. S.).

E moi preto tamén, na grande habitación luminosa, mirando de fronte cara ao resplandor da ventá, apareceron láminas brillantes suspendidas no mesmo aire quente que une todos os seres vivos. Nese momento estableceuse, á vista de todos e todas, un ritual de curación, un sublime magnetismo ao redor da pel, unha celebración do encontro, unha silenciosa festa desa enerxía que sucede no imán do corpo a corpo, coma unha conversación silenciosa e branda (A. T. e A. RR.).

Houbo tamén alguén que nunha esquina ía construíndo en negativo sobre o abdome doutros corpos, moldes dunha materia que ao secar quedaba ríxida, para logo colocar por entre os xardíns eses anacos de escaiola coma preguntas radicais e umbilicais sobre onde está o eixe do mundo (A. T.). Houbo paseos colectivos pola grande alfombra verde do patio, coma en procesión, onde cada autor e autora dixo un verso, e onde tamén alguén resumiu a historia en tres frases: «Mariñán século xv, irmandiños / Mariñán século xviii, ornato e recreo / Mariñán século xxi, festa da arte emerxente» (J. F. L.).

Máis tarde, ou quizais á vez, unha das árbores do paraíso, a da ciencia do ben e do mal, que estaba escaleiras abaixo no xardín xeométrico, articulou unha pregunta aberta sobre que pasara co coidado do planeta, é dicir, co descoido irresponsable, e houbo reaccións feroces porque ningunha das persoas interpeladas respondía. Ese mesmo xardín xeométrico, que marcaba con escuadro e cartabón francés a maneira de percorrer o seu capricho ornamental, foi tamén analizado minuciosamente, e ideouse outra maneira de pasealo.

E a maneira foi saltando de buxo en buxo, estendendo teas por encima, observando o seu debuxo coma un mapa de coreografía libre (R. C.). De todo iso falouse no café da estancia baixa, sentados nunha colección de butacas Wassily, mentres afinaban os seus instrumentos un bo grupo de músicos. Porque tamén houbo piano, guitarra, clarinete, violonchelo e bel canto. Piano xeneroso á noite. E conferencia sobre a historia dos moitos compositores galegos esquecidos sorprendentemente nos repertorios oficiais (J. D.) e, ademais, unha boa e sabia sesión de imaxes de pinturas e esculturas sobre como os artistas foron representando o que chamamos «Natureza e territorio» (M. L. e A. P.).

E escenografía inesperada con bambolinas de papeis colgados, debuxados e proxectados con focos de drama teatral, con luces e con sombras, e personaxes que non se sabe como aparecían e desaparecían (V. B.). Logo, no anoitecer, celebrouse unha numerosa conversa colectiva



ao redor da gran mesa preguntándose sobre quen era o autor e quen o intérprete tanto en música coma en escultura e coreografía, ou en arquitectura e no propio ensino; e tamén entre todos e todas xurdiron respostas precisas e cruzadas sobre os desexos insatisfeitos, os erros no traballo que dan pé a felices achados, e as formas de compoñer entre o virtuosismo e o rostro do público atento.

Todo isto ocorreu no solsticio de verán de 2019 á beira da ría de Betanzos, e aos pés dunha torre medieval convertida en pazo barroco de protocolo, rodeado de escalinatas do século XVIII adornadas con bustos enigmáticos en cada esquina.

Juan Fernando de Laiglesia
Coordinador dos encontros
Facultade de Belas Artes, UVigo, 2019



Artistas residentes

2019:
Alejandra Lago
Alexandra Rodríguez Rey
Andrea Torres
Marijo Sampedro
Rocío Osorio
Román Corbato



Alejandra Lago
Doutoramento en Belas Artes

A crisálida é un lugar de reflexión e de transformación do ser que a habita, lugar do que finalmente sae cara a fóra. Sae para interactuar, dialogar, intercambiar e aprender de e con outros seres e con todo aquilo que a rodea; creatividade e imaxinación artículanse a través da arquitectura, o son, o propio corpo en movemento, a natureza... Intercambio de impresións, sensacións, coñecementos...

Compártese e apréndese neste lugar do que forman parte, entre outras, Capella, Elnath e Alcyon. Estrelas que conforman as constelacións de Tauro e de Auriga, que, sobre a contorna natural na que nos atopamos estes días, participan do encontro en silencio.

Presentes a través de nós de papel branco, que se tornan luz na escuridade, e que, conectadas mediante varas de vimba a modo de antigos mapas de navegación polinesios, forman a imaxe das constelacións xa mencionadas que descansan, a modo de espello, sobre o céspede.

O ser xerará novos nós para construír unha nova crisálida. Nela protexido, volverá sufrir unha nova metamorfose tras a que sairá novamente ao exterior, noutro lugar, e así poder interactuar con todo aquilo que o rodee.

HIPHE

Forma crisálida. Escultura téxtil para ser colgada, 100 x 40 x 40 cm aprox.

TORSIÓN

Forma téxtil volumétrica retorta
Medidas variables

INTERVENCIÓN:

Construción dun mapa con madeira e con fíos baseado nas cartas de navegación antigas (modelos polinesios)

ALEJANDRA LAGO





ALEX ANDRA R.REY



12-25 / 71-84
Alexandra R.Rey
Mestrado en arte contemporáneo

Comprendemos o noso proceso de traballo como unha investigación ao redor do que lle ocorre en paralelo á vida da man da enfermidade. Xeramos un proxecto baseado na luz.

Falamos da enfermidade como correlación á morte e, con todo, en ningún momento nos sentimos perturbados por ela ou polo fin; agora comprendemos o porqué. Non falamos de finais, falamos dun círculo, un círculo en continuo movemento.

Conversamos sobre un proceso de vida que nace, medra, prégase e volve medrar; e dentro de todas esas fases de desenvolvemento comprendemos que hai unha dobre visión. Algo intanxible aínda máis aló do que podemos indagar. Non falamos de morte, falamos de luz.



12-25 / 71-84
 Instalación de cobre
 serigrafiado e laminado
 Pegada, tempo, memoria
 Medidas variables

TEAS E PEL
 Instalación de cobre
 serigrafiado e laminado
 Pegada, tempo, memoria
 Medidas variables

OUTORGARLE FORMA AO ESPACIO:

Proxéctase unha peza cuxa base material sexa a tea. Tea tratada, estampada, serigrafiada, endurecida etc; traballada para representar etapas, momentos, fases; en definitiva, para representar o tempo. Tempo que se sucede e que se esfuma, que ocorre e é esquecido, que continúa e é ignorado.

O corpo como molde, como inicio da mensaxe.
 O fío como comunicador e conector.
 A pegada, as feridas, como tempo vivido.
 Unha peza de carácter instalativo coa cal se poida interactuar, transitar...
 Penetrar no seu interior e escoitalo.



AN DREA TORRES



HOMO SAPIENS
Andrea Torres
Doutoramento en Belas Artes

«Embigo do mundo» consistiu nunha intervención escultórica nos xardíns do pazo de Mariñán. Construída durante a estancia a través de partes do corpo (o ventre), estas pezas serven para criticar esa crenza arraigada antropocéntrica da suposta superioridade do ser humano sobre as demais especies e a natureza.

Revisar o crenos «o embigo do mundo» e abandonar ese pensamento milenario de que todo o que compón a nosa contorna está ao servizo humano.

Por outra lado, parte da instalación 1026 (#Ante a

situación dos refuxiados), que estivo tamén presente no interior do pazo, púidose ver nos corredores, espazos de tránsito cos que se creaba un diálogo de contraste entre o ostentoso mobiliario e esas pequenas representacións en escaiola de paxaros mortos (metáfora das miles de persoas que, fuxindo do conflito armado do seu país, falecen no mar).





HOMO SAPIENS
OMBLIGO DEL MUNDO, 2019
 Instalación en escaiola
 Dimensiones variables

1026
 (Ante la situación de los refugiados), 2016
 Vídeo-instalación
 Vídeo en reproducción
 Bucle 02:35 min

1026
 Paxaros de escaiola
 Dimensiones variables





MARIJO SAMPEDRO



RELEVANCIA DAS TENSOESCUULTURAS TEXTILES Marijo Sampedro Doutoramento en Belas Artes

En todas estas pezas hai un intento de transcender o medio para crear unha linguaxe propia a partir da especificidade do material. Unha plasmación do traballo a partir do tempo prendido nos tecidos.

A actividade téxtil abandona a súa condición artesanal para establecer un diálogo frutífero co mundo da estética e a teoría da arte. Converter os elementos téxtiles, en soporte e en recurso plástico e creativo que busca vías de diálogo entre peza e público espectador.

Tanto nas técnicas manuais coma no uso do soporte de material industrial utilizado existe a mesma necesidade, a procura e o encontro da unidade.

Convocar “sentir”, as sensacións e o entendemento do próximo, o espazo vivido e vivenciado. É o desafío para superar esta colisión entre o tradicional e o contemporáneo, entre o material industrial e os códigos artesanais. O traballo indaga nas relacións que se establecen entre forza, espazo, tempo e materia. Incesante procura en evocacións estéticas, conceptuais e espirituais.

TRIBO INTEMPORAL:

Máscaras do século xxi que tratan de traer aquela época prehistórica onde se veneraba a muller, onde a igualdade entre homes e mulleres era o natural, onde coidar o territorio era o costume e vivir en harmonía era o habitual.
Eses e non outros foron os nosos primeiros e verdadeiros devanceiros na Vella Europa.
Unha deusa bolboreta, un responsable da verdade e a gran libélula son as tres máscaras que danzaron en Mariñán.



TENSOESCULTURAS
Tres formas de esculturas con téxtiles
en tensión instaladas no interior
Dimensións variables

ALAS DE AGUA
Gravacións de vídeo-danza: acción
con elementos plásticos e varetas
Alusión aos percorridos
“insitu” durante a estancia
Interaccións con música e con danza

O pazo de Mariñán, entre os seus elementos máis característicos, conta cun destacable xardín de estilo francés. O xardín está formado por unha rede de paseos internos e perpendiculares de arbustos de folia perenne. No centro sitúase unha fonte de mármore e catro palmeiras que animan o xardín. O xardín foi trazado a comezos do século XIX por un xardineiro francés, tomando como base o que xa existía, moito máis sinxelo. En «Os xardíns do pazo de Mariñán», do arquitecto Miguel Durán Salgado, atopamos un debuxo, onde se pode observar a disposición do xardín.

As súas principais características baséanse na organización mediante un eixe e a configuración dunha perspectiva visual aberta cara ao horizonte. Aínda que teñen unha escala monumental, están realizados para ser vistos desde as terrazas con vistas ao xardín. A vexetación é limitada e dirixida, demostrando o dominio da humanidade sobre a natureza, sometendo á vexetación en razón da escala humana e á xeometría. Isto último foi o punto de inflexión da proposta «o dominio do home sobre a natureza».

RO CÍO OSORIO



PODER DESAFIAR UN XARDÍN FRANCÉS Rocío Osorio Doutoramento en Belas Artes

A miña proposta desenvolveríase nunha serie de debuxos, pinturas ou colaxes onde puidese desenvolver esta idea. Gustaríame poder estudar máis a fondo o xardín do pazo de Mariñán para levar a cabo este traballo.

En primeiro lugar, gustaríame poder propoñer un percorrido alternativo á proposta establecida, desafiar as regras do xardín e, finalmente, pensar nestas obras como unha especie de folia de ruta, onde se puidese levar unha especie de itinerario «desafiante». Este punto sería como un duelo de «persoa a persoa». A ruta existente establece o andar por un espazo determinado, propoño unha serie de debuxos onde poidan existir outras opcións: saltar dun lado a

outro, acceder a outro lugar a través de, ir correndo, gateando ou mesmo por baixo de. En segundo lugar, a serie de obras desemboca nunha natureza plena. O xardín desbórdase, non cede a ningún mantemento, as formas xeométricas desaparecen e os arbustos medran, sobordan, coma a pintura.

A man do ser humano perde a partida. Un xardín salvaxe coas súas propias regras. Como mostraba Ursula K Lle Guin en O nome do mundo é bosque, un cosmo dinámico con leis propias que non admite a intromisión do ser humano.





**DESAFIAR UN XARDÍN
FRANCÉS**

Cartafol de debuxos e de gravados coa colección de proxectos para desenvolver nos xardíns do pazo

DEBUXOS E FOTOGRAFÍAS

Accións de reformulación dos itinerarios e forma de percorrer os xardíns revisando valores ocultos do deseño
Colaboracións voluntarias de todas as disciplinas (arquitectura, coreografías e foto-vídeo)





ROMÁN CORBATO

Román Corbato Doutoramento en Belas Artes

A miña práctica artística investiga as relacións entre individuo, territorio e como nos relacionamos co concepto de paisaxe, que observamos e construímos coa nosa mirada, reconfigurando a relación entre experiencia propia e representación. Os xardíns e a contorna próxima do pazo de Mariñán foron un escenario idóneo para este propósito.

Na serie de vídeos «Intentos», iniciada en 2014, móstrase a tentativa de levantar varias estruturas verticais con trancos de árbores. O proceso de construción detense no momento en que a estrutura se derruba. A continuación repítese o proceso tentando mellorar a construción inmediatamente anterior. O feito de traballar no exterior, en contacto coa natureza, provoca un sentido de pertenza a un lugar determinado. Hai un certo diálogo coa propia estrutura que se vai levantando e o material que a constrúe.

Este modo de traballar, a base de repetir procesos e xerar rutinas, permite que a acción se converta en saber e, deste xeito, a creación artística convértese nunha ferramenta que nos fai conscientes do lugar que habitamos.

A peza «Arrastres» insiste na idea de pertenza a un lugar, de percorrelo e habitalo aínda que sexa dunha maneira temporal e simbólica. Para iso utilízase o acto de camiñar como experiencia artística; o lugar elixido son os xardíns do pazo de Mariñán. Mediante unha corda atada ao meu corpo arrastro unha peza de madeira que leva adherida unha folla de papel carbón. A presión producida polo arrastre desta madeira sobre os distintos pavimentos irregulares dos xardíns fai que apareza un debuxo. Un debuxo creado mediante o camiñar, xerado dunha forma aleatoria pero que fala da experiencia nese lugar concreto. En definitiva, un debuxo que reflexiona arredor da relación entre o fenomenolóxico e a representación.





Serie Intentos, 2014
Tres vídeos en bucle, proyección en monitor

Intento de estructura vertical V, 3:54 min
Intento de estructura vertical VI, 6:54 min
Intento de estructura vertical VII, 9:23 min

Serie Intentos, 2019
Acción escultórica con cuncas de café

Arrastres, 2019
Carbón sobre ferro de madeira contrachapada
30 x 40 cm c/u, 5 uds.







CONCLUSIÓN

Que a interxeración estivese presente.
Que as diferenzas callasen en abrir a mente.
Que a creatividade, o compañeirismo e as ganas formasen parte destes días foi unha sorte.
E si! As belas artes son imprescindibles para facer un mundo mellor.

Mirando para todos e todas,
aprendendo con todas e todos.

O máis importante foi darnos conta da importancia da unión de todas as artes.
E dar a coñecer un pouco a importancia que esta ten no noso labor educativo;
entón ao final quedome con «creatividade», unión e traballo en común.

Comprendo experiencias coma esta, necesarias e fundamentais,
pois cheguei como a un núcleo, un punto entre miles e vome cunha rede, unha
rede colectiva cargada de experiencias, emocións e ollos, moitos ollos.

Eu o que destacaría sería a importancia de compartir para enriquecer.

Interaccionar, convivir, coñecer, escoitar,
expresar, xogar, pensar, dialogar, gozar; en resumo,
a residencia que vivín hoxe aquí.

Eu escribin tres palabras que son:
Gran compañeirismo intercultural.
E simplemente dicir que moitas grazas a todos e
todas por poder compartir esta experiencia.

Abrir a mente
Soñar esperta
Cambiar de rumbo

Unha grande experiencia moi interesante
coñecer diferentes formas de pensar

Amizade
Natureza
Beleza
Vida
Diversión
Arte

Que esta contorna beleza,que este encontro viva,
a arte é unha enerxía,nin se crea nin se destrúe.

Remuíños
Todos os sentidos xuntos,
loitando pola liberdade.

Abrir a mente
Soñar esperta
Cambiar de rumbo

A creación transita por areas movedizas, por lugares límite,
onde o intercambio, a mirada e a aprendizaxe constante son
ferramentas poderosas que nos permiten habitar as marxes.
A resistencia é nosa mellor opción.

A aprendizaxe que me levo neste encontro é o ser máis indíxico
(eu non entendín ben) Dar a forma, dar imaxes ao son, escoitar como
unha escultura ten unha melodía e como cando se
unen distintas disciplinas xorde a maxia.

Crear un mundo en común, educar para todas.

A diferenza como punto de encontro de erro en erro,
ata o acerto casual.
Natureza marco e referencia

Arte, amor, aprendizaxe, comunicación, presente e futuro.

Improvisación e intercambios.

Mariñán. Século XV, imandiños.
Mariñán. Século XVIII, ornato e recreo.
Mariñán. Século XXI, festa da arte presente.

Vivir nun pazo e cantar.
Abrazar o amigo e aprender.
Bailar entre todos e pensar.
Convivir co estraño e sentir.
Recuperar a alegría e falar.
Procurar ir ao centro para volver.

Tres días sen tele,
pero con clarinete, violonchelo, piano, guitarra e bel canto.
Tres días, trinta amigos.
Grazas Mariñán.

Grazas Galicia.

Inter-acción
Acción
Acción

E moita máis acción

A creación sempre é un espazo de liberdade.
Sexamos libres na mente.
Sexamos libres creando.
A liberdade hai que conseguila.
Hai que loitar por ela.
Sigamos creando todos.

Ante a incerteza, ante o descoñecido
sorprendéndonos constantemente,
atopámonos,
percorremos, cantas veces?
A arte, a música, a imaxe para darlles
respostas a esas incertezas.
Nunca nos sentiremos defraudados.



LA NADA AQVI

LISTAXE PARTICIPANTES

2018

Universidade da Coruña.

Coordinación xeral: Aracelí Serantes (adxunta de Cultura)

Escola Técnica Superior de Arquitectura:

Fernando Agrasar e Ruben Paz Pena

Facultade de Ciencias da Educación:

Roberto Suárez Brandariz, José Luís Modroño Berdiñas,

María Martull Franco e Celia González Calle

Universidade de Santiago de Compostela.

Facultade de Ciencias da Educación:

Vicente Blanco, Estela Freire e

Carmen Franco

Compañía de Danza da Universidade

de Santiago de Compostela:

Juan Carlos Zahera de la Vega,

Rosa Acuña Cardoso, Daniel González

Lamoso e Giovanni Peixoto

Universidade de Vigo.

Facultade de Belas Artes da

Universidade de Vigo:

Anne Heyvaert, Luís González López,

Gabrielle Mendieta, Marco Moreira,

Teresa Pece e Ventura Pérez Suárez

Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Julio Mourenza, Eloy Vázquez Fontenla, Susana

Pérez Fernández, Hiwot Vilariño García, Isabel Álvarez

«Xiara», Antonio Castaldo e Carlota Salgado Leal

Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Luis Costa, Julio Domínguez Rodríguez, María

Domínguez González e Artur Silveiro García

Convidados externos.

Fernando Buide (compositor), Juan Creus

(arquitecto) e Manuel Vilariño (artista fotógrafo)

2019

Universidade de Santiago de Compostela.

Coordinación xeral: Pablo Sampedro

Magán (director da Área de Cultura)

Facultade de Ciencias da Educación:

Mª del Carmen Franco, Carol Gilladers,

Vicente Blanco, Rosario Gómez Alcalde, Paula

Otero Carnero, Sara Pulleiro Potel, Laura

Tojeiro Pérez e Lucía Valcárcel López

Compañía de danza da Universidade de Santiago

de Compostela: Juan Carlos Zahera de la Vega

Universidade da Coruña.

Facultade de Ciencias da Educación:

Roberto Suárez Brandariz, María Cillas Rodríguez

Bernal, Hilario Pérez Louzao, Iria-Friné Rivera

Vázquez e María Patricia Santos Huidobro

Universidade de Vigo

Facultade de Belas Artes:

Juan Fernando de Laiglesia, Anne Heyvaert, Román

Corbato, Alejandra Lago, Rocio Osorio, Alexandra

Rodríguez Rey, Marijo Sampedro e Andrea Torres

Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Julio Mourenza, Alberto Aneiros, José Adrián

Barcia Martínez, Cristina Bernal Gómez, David

Ferreiro, Iria Fernández Haz, María Giraldes López,

Gregorio Keilin Keilin e Miguel Sáez Sotelo

Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Luis Costa, Erick Corrente Espinoza, Julio

Domínguez Rodríguez, Sara Mínguez López,

Flavio Sedano Lima e Juan Vázquez Cartelle

Convidados externos

Alessandro Lumare (Segni Mossi),

Juan Durán (compositor),

Menchu Lamas e Antón patiño (artistas plásticos)





Facultade de Belas Artes
Universidade de Vigo



